OS TRES PÉS

CARACTERÍSTICA PRINCIPAL:
CORRER
XOGO CON MATERIAL:
SI

DESCRICIÓN

NOME DO XOGO:
TRES PÉS
XEITO DE XOGO:
Pode participar un número indeterminado de xogadoras/es que deberán agruparse de dous en dous atándose polos nocellos cunha corda de maneira que, entre as dúas persoas teñen un total de "tres pés". Despois de practicar un pouco por libre, pódense facer unhas carreiras. Ao rematar o percorrido de ida, soltaranse, intercambiarán as posicións na parella, ataranse de novo e volverán ao punto de partida.
VARIANTES:
Dependendo das idades, pódese facer o mesmo aumentando progresivamente o número de xogadoras/es atados no mesmo grupo ata conseguir incluso unha ringleira desprazándose ao mesmo tempo.
MATERIAIS E ESPAZOS:
Espazo aberto e unha corda ou cinta resistente que non manque.

CONSIDERACIÓNS DIDÁCTICAS

FORMACIÓN DE GRUPOS:
Pode participar un número indeterminado de xogadoras/es que deberán agruparse de dous en dous.
CARACTERÍSTICAS MOTORAS QUE DESENVOLVE:
FÍSICAS: percepción corporal , percepción temporal.
COORDINATIVAS: coordinación segmentaria.
ADAPTACIÓNS:
POR IDADE/CICLO: Para as/os máis pequenas/os con menos destrezas podemos empregar unha corda máis frouxa (permite avanzar máis facilmente) e só dúas persoas, atándolla se non saben, ou provocando a axuda das/os compañeiras/os. A medida que aumentamos en idade/destreza, empregaremos unha corda máis axustada, máis xogadoras/es, cambiando posicións, facendo percorridos con curvas, etc.
POR LIMITACIÓNS MOTORAS OU SENSORIAIS: déficits motorices: se hai cadeiras de rodas: atamos a corda frouxa dende o nocello ate unha barra da cadeira da/o compañeira/o. Axustamos o paso (sempre procuraremos buscar un/unha compañeira/o que teña certa habilidade porque non é unha tarefa sinxela de realizar).
Para outro tipo de problemas motrices: valorar.
É un exercicio moi axeitado para facer con alumnado con déficits visuais porque dispoñen da colaboración dunha/dun compañeira/o.

OUTROS XOGOS SEMELLANTES NO MUNDO

Tämja Stutar (Suecia)...
En Bélxica chámse *Loopski's* e, no canto de corda empregan esquíes.

DEPORTE GALEGO
XUNTA DE GALICIA
Deseño: ABANA EVENTOS S.L.